

TRATAMENTO DA MOEDA ESTRANXEIRA NO PXC E A CIRCULAR 4 DO BANCO DE ESPAÑA

BELÉN FERNÁNDEZ-FEIJÓO SOUTO

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Vigo

Palabras clave: *Contabilidade; Entidades financeiras; Homoxeneidade europea; Plan contable; Moeda estranxeira; Diferencias de cambio; Tipo de cambio; Cambio de regularización.*

Key words: *Accounting; Financial entities; European homogeneity; Foreign currency; Exchange differences; Exchange rate; Regularization exchange.*

Resumo

A homoxeneización contable europea ten o seu reflexo no noso país no Real Decreto 1.643/1990, de 20 de decembro, coa aprobación do novo Plan Xeral de Contabilidade. O desenvolvemento sectorial doutras normas contables culmina, polo que ás entidades financeiras se refire, coa publicación polo Banco de España da Circular 4/1991, de 14 de xuño, que entra en vigor o 1 de xaneiro de 1992. Este último documento pode considerarse como un auténtico plan contable aínda que o seu formato non sexa o habitual. Ó publicarse esta norma con posterioridade ó Plan Xeral de Contabilidade, cabería supoñer que o desenvolvemento contable proposto para o sector financeiro se adaptaría a aquel, aplicando os mesmos criterios, principios básicos e tratamentos. Esta hipótese non se cumpre, entre outros temas, na moeda estranxeira. Neste documento analizámo-las similitudes e diferencias entre ámbolos dous procesos e as repercusións que iso supón sobre a aplicación dalgúns principios contables e o cálculo do resultado do período.

Abstract

The European accounting homogenization has its reflection in our country in the Royal

Decret 1.646/1990, of 20th December, with the approval of the new General Plan of Accounting. The sectorial development of other accounting rules culminates, as far as financial entities is concerned, with the publication by the Bank of Spain of the Circular 4/1991, of 14th June, that came into force 1st January 1992. This last document could be considered as an authentic accounting plan although its layout is not the conventional one. Upon publishing the directive later than the General Plan of Accounting it could be assumed that the accounting development proposed for the financial sector would adapt to that one by applying the same criteria, basic principles and treatments. This hypothesis is not observed in several cases such as in foreign currency. In this paper, the similarities and differences between both processes are studied and the repercussions involved in the application of some accounting principles and the calculation of the result of the period are discussed.

1. INTRODUCCIÓN

A sinatura por parte española da Acta Única Europea e os prazos establecidos nos acordos de Maastricht para a unión monetaria, supoñen que a actividade da empresa española se orienta cada vez en maior medida cara a Europa.

Iso implica que o papel español no comercio internacional, a través da Comunidade, se fai máis relevante.

Respecto ás moedas incorporadas no Sistema Monetario Europeo, atopámonos nunha situación transitoria, que ha culminar coa Moeda Única en 1997. Respecto ó resto de moedas que compoñen o Sistema Monetario Internacional, faise necesario un tratamento contable unificado en toda Europa. Esta homoxeneización, tanto para a situación transitoria como para períodos posteriores, desenvólvese a través das directrices que conforman as normas contables da Comunidade.

Na nosa opinión, a mellor solución para reflectir contablemente a actividade das empresas españolas que manteñan relacións co exterior é o desenvolvemento dunha contabilidade multi-divisas. Por medio dela, coñecerase en todo momento a posición da empresa respecto ás divisas coas que traballe. Paralelamente, elaboraranse os estados que reflecten a convertibilidade na moeda nacional. Esta consideración incide na importancia do tratamento contable das diferencias de cambio na empresa española.

Coa entrada en vigor o 1-1-92 da circular 4 do Banco de España (BE), establécense as normas contables das entidades financeiras no noso país.

Ó publicarse estas normas con posterioridade ó Plan Xeral Contable (PXC), aprobado no Real Decreto 1.643/1990 de 20 de decembro de 1990, cabería supoñer que o desenvolvemento contable proposto para as entidades financeiras se adaptaría a este, aplicando os mesmos criterios, principios básicos e tratamentos do primeiro.

Consideramos que esta hipótese non se cumpre na súa totalidade; entre outros temas, no tratamento das diferencias de cambio en moeda estranxeira.

Nesta análise, partimos da consideración de que, a efectos contables, as entidades financeiras se engloban como un sector económico máis, dentro do conxunto de actividades da economía do noso país. Pensamos que o papel regulador e de control que exerce o Banco de España sobre as mesmas, papel necesario e imprescindible por outra parte, non debería supoñer, á hora do rexistro contable, a aplicación de principios e

criterios distintos ó resto dos sectores económicos. Outra cuestión distinta é que existan diferencias en canto á forma e reflexo dos movementos, posto que se trata dun sector moi concreto con operacións moi precisas. Isto supoñería diferencias na forma pero non no fondo, que debería ser común en tódolos casos.

A comparación entre ámbolos dous tratamentos é, pois, o obxecto do noso estudio.

Con posterioridade á publicación do Plan Xeral de Contabilidade e da circular 4/91 do Banco de España, desenvólvese en forma de Orde Ministerial (12 de marzo de 1993) o tratamento das diferencias de cambio en empresas reguladas, introducíndose modificacións respecto ás normas xerais. Por se tratar dunha análise comparativa por sectores e non tipos de empresa, imos traballar cos dous documentos inicialmente citados.

As normas sobre esta materia expostas no Plan Xeral Contable baséanse nas Normas Internacionais de Contabilidade (NIC), concretamente na norma número 21 deste documento. Sen embargo, o desenvolvemento das diferencias de cambio para entidades financeiras formulado na circular 4/91 do Banco de España axústase ó establecido pola directiva comunitaria 86/635 sobre contas anuais e contas consolidadas de bancos e outras entidades financeiras. Consideramos que a distinta orixe legal e sector para o que foron elaboradas ámbalas dúas normativas contables non debería ser motivo de tratamento diferenciado e contradictorio nalgúns casos. A circular 4 chega a non aplica-lo principio básico de prudencia, ó que tanto o PXC como a circular 4 dan grande importancia, reflectido no sinalado na norma segunda deste último texto legal no seu punto segundo: "Daráselle especial relevancia ó principio de prudencia valorativa, que deberá terse en conta para unha correcta interpretación de tódalas normas contables, e que prevalecerá en caso de conflito, ou a falta daquelas".

2. TRATAMENTO DA MOEDA ESTRANXEIRA NO PXC

As pautas que hai que seguir no tratamento contable das diferencias de cambio atopámolas na quinta parte do PXC: "Normas de Valora-

ción", concretamente na norma 14. Hai que lembrar que o PXC está desenvolvido en cinco partes: Principios Contables, Cadro de Contas, Definicións e Relacións Contables, Contas Anuais e Normas de Valoración. Destas partes, son de aplicación obrigatoria a primeira, cuarta e quinta, isto é, Principios Contables, Contas Anuais e Normas de Valoración.

Pasamos, a continuación, a comenta-lo tratamento proposto para cada grupo de contas que poden ter reflexo en moeda estranxeira.

• *INMOBILIZADO MATERIAL E INMATERIAL*: "A súa conversión en moeda nacional farase aplicándolle ó prezo de adquisición ou ó custo de produción o tipo de cambio vixente na data en que os bens se incorporaran ó patrimonio".

Como norma xeral, "as diferencias de cambio en moeda estranxeira non deben considerarse como rectificacións do prezo de adquisición ou do custo de produción do inmovilizado".

A excepción a esta norma xeral serán aquelas diferencias de cambio que se produzan en débedas a longo prazo en moeda estranxeira e destinadas ó financiamento dese inmovilizado. Neste caso, poderase optar por modificar ou non o valor do inmovilizado coa incorporación da perda ou ganancia potencial xerada polos distintos cambios vixentes nos dous momentos de tempo, adquisición e posta en funcionamento, sempre que se cumpran todas e cada unha das seguintes condicións:

— Relación inequívoca do inmovilizado e a débeda con que se financia.

— Que o inmovilizado se atope en fase de instalación e que esta sexa superior a un ano.

— O límite á incorporación de diferencias de cambio que modifiquen o valor do inmovilizado será o valor de mercado ou o custo de reposición do ben.

Se se cumpren estas condicións, o valor do inmovilizado será o resultante da incorporación destas diferencias de cambio ó contabilizado no momento da adquisición.

A regularización periódica non alterará o valor rexistrado.

• *EXISTENCIAS*: A súa incorporación ó patrimonio da empresa farase aplicándolle ó prezo de adquisición ou custo de produción o tipo de cambio vixente nesa data.

Con este prezo de adquisición, a empresa aplicará o criterio de valoración que considere conveniente.

Para o reflexo da situación patrimonial a efectos de cálculo do resultado, comparárase o prezo de mercado das existencias, ó tipo de cambio vixente nesa data, co valor contable das mesmas, dotándose a provisión naqueles casos en que este último sexa superior ó calculado en primeiro lugar.

Como consecuencia do tratamento proposto no PXC, o valor de entrada das existencias no patrimonio empresarial non se modifica polas diferencias de cambio se non é a través dunha conta de provisións.

• *VALORES DE RENDA VARIABLE*: "A súa conversión a moeda nacional farase aplicándosele ó prezo de adquisición o tipo de cambio vixente na data en que os devanditos valores se incorporaran ó patrimonio". Como no caso das existencias, para analiza-la situación ó final do período considerado, comparase o valor de mercado dos títulos, ó tipo de cambio vixente nesa data, co reflectido contablemente. Cando este último sexa superior, dotarase a oportuna provisión para reflectir esa perda latente, sen modificar en ningún caso o saldo da conta.

• *TESOURERÍA*: A Tesourería incorporárase ó patrimonio empresarial ó tipo de cambio vixente no momento da súa adquisición. Ó peche do período obxecto de análise, deberán figura-los saldos destas contas no balance ó tipo de cambio desa data, xa que son bens líquidos.

Co funcionamento proposto no PXC, consideraranse resultado do exercicio as diferencias tanto positivas como negativas que se produzan.

• *VALORES DE RENDA FIXA, CRÉDITOS E DÉBITOS*: "A conversión en moeda nacional dos valores de renda fixa, así como dos créditos e débitos en moeda estranxeira, realizárase aplicando o tipo de cambio vixente na data da operación"; no momento do cálculo do resul-

tado do período, valoraranse segundo o tipo de cambio vixente nese momento, xurdindo así diferencias que poderán ser positivas ou negativas.

Estas diferencias clasificaranse en función do exercicio de vencemento e da moeda (agruparanse as moedas en función da súa convertibilidade oficial en España), sendo o seu tratamento diferenciado para as positivas e as negativas.

— *Diferencias positivas:* Como norma xeral, as diferencias positivas non realizadas non se integrarán en resultados, senón que figurarán no pasivo do balance como "Ingresos para distribuír en varios exercicios" na conta "136-Diferencias positivas en moeda estranxeira".

"Non obstante, as diferencias positivas non realizadas poderán levarse a resultados cando para cada grupo homoxéneo se imputaran resultados de exercicios anteriores ou no propio exercicio diferencias negativas de cambio", co límite do importe de diferencias negativas recoñecidas.

Cando venzan ou se cancelen anticipadamente os valores de renda fixa, débitos ou créditos, farase a contabilización da operación ó tipo de cambio vixente. De xurdir diferencias, estas levaranse directamente a resultados (tanto as positivas como as negativas). Á súa vez, as diferencias positivas a eles asignados na conta "136-Diferencias positivas en moeda estranxeira" deberán imputarse a resultados nese exercicio, a través da conta "768-Diferencias positivas de cambio".

A contrapartida destes movementos contables de diferencias positivas reflectidas na conta do grupo 1 ou do grupo 7 será o elemento patrimonial que as orixina.

— *Diferencias negativas:* Como norma xeral, as diferencias negativas de cambio que se produzan en cada grupo imputaranse a resultados do exercicio a través da conta "668-Diferencias negativas de cambio", sendo a contrapartida o elemento patrimonial que orixina estas diferencias.

Co tratamento contable aquí descrito para estes elementos patrimoniais, modificarase o importe polo que foron contabilizadas inicial-

mente, cada vez que estas diferencias se recoñezan.

Como resumo ó comentado ata agora, nos desenvolvementos propostos no PXC, para poñer de manifesto as diferencias que se producen como consecuencia das variacións no cambio das diferentes divisas, apréciase un tratamento diferenciado para distintos tipos de contas. Así comprobamos que nos elementos patrimoniais que se engloban nas rúbricas, Inmobilizado material e inmaterial, Existencias e Valores de renda variable, non xorden, como consecuencia da variación do tipo de cambio, diferencias positivas ou negativas que deban contabilizarse nas contas correspondentes: "136-Diferencias positivas en moeda estranxeira", "668-Diferencias negativas de cambio" e "768-Diferencias positivas de cambio".

Sen embargo, os elementos patrimoniais incluídos nos grupos Tesourería, Valores de renda fixa, Créditos e Débitos, denominados en moeda estranxeira, van orixinar que da súa contabilización xurdan anotacións nas contas que reflecten diferencias de cambio: "136-Diferencias positivas en moeda estranxeira", "668-Diferencias negativas de cambio" e "768-Diferencias positivas de cambio". Recolleranse nelas as variacións nos importes contabilizados inicialmente como consecuencia dos tipos de cambios vixentes no momento da regularización.

Esta distinción no tratamento baséase nunha clasificación implícita destas partidas:

- Partidas non monetarias:
 - Inmobilizado material e inmaterial.
 - Existencias.
 - Valores de renda variable.

- Partidas monetarias:
 - Tesourería.
 - Valores de renda fixa.
 - Créditos e débitos.

As partidas non monetarias non deben ver variado o importe da súa contabilización inicial (excepción feita do Inmobilizado en fase de instalación), utilizándose nalgúns casos as provisións para reflecti-las perdas latentes xurdidas ó aplica-los novos cambios.

As partidas monetarias, ó ter tal consideración, teñen que varia-lo seu importe en consonancia coa variación da divisa na que estean denominadas.

3. TRATAMENTO DA MOEDA ESTRANXEIRA NA CIRCULAR 4 DO BANCO DE ESPAÑA

O PXC, concretamente no último parágrafo do punto 6 da norma de valoración 14 sobre diferencias de cambio en moeda estranxeira, di:

"Poderán existir tamén normas especiais aplicables a industriais ou sectores específicos con grandes endebedamentos a longo prazo en moeda estranxeira. Estas situacións concretas serán analizadas nas correspondentes adaptacións sectoriais ou noutra normativa de aplicación específica a estas situacións".

Acolléndose a esta disposición, o Banco de España desenvolve as normas de valoración en moeda estranxeira na circular 4/1991, de 14 de xuño. Esta circular detalla os criterios contables e modelos de estados financeiros aplicables para as entidades de crédito.

Aínda que non está recollido en forma de plan contable, este documento pode considerarse como un desenvolvemento sectorial do PXC.

Unha vez feita esta aclaración, imos analizar polo miúdo o tratamento que a circular 4 lles dá ás diferencias de cambio en moeda estranxeira. Este tratamento desenvólvese na norma 4 da sección primeira, "Conversión de moeda estranxeira".

Como norma xeral, a conversión en moeda nacional dos saldos activos e pasivos (agás activos inmovilizados non cubertos), así como das operacións ó contado non vencidas no momento da elaboración dos estados contables, realizarase ó cambio medio do mercado de divisas de contado da data (ou último día hábil de mercado anterior á devandita data) á que se refira o balance ou estado contable que se vai elaborar. Se se trata de operacións a prazo que non sexan de cobertura, convertiranse ó cambio de regularización do Banco de España a prazo

da data na que se elaboren os estados contables.

"Enténdese como cambio medio a media dos tipos comprador e vendedor, publicados polo Banco de España no caso de divisas que cotizan na Bolsa de Madrid", e as dos mercados internacionais para as restantes divisas. É o que se coñece como cambio fixing.

Imos facer logo unha análise sobre o tratamento contable das diferentes partidas afectadas, clasificándoas segundo o esquema co que comentámo-las diferencias de cambio segundo o PXC. Hai que sinalar que só se van tratar nesta análise aquelas partidas sen cobertura, xa que para estas se coñece o seu prezo de adquisición e o seu prezo de liquidación, polo que se contabilizarán xa resultados reais no momento de producirse, ou coa súa periodificación correspondente.

- *INMOBILIZADO MATERIAL E INMATERIAL*: Valorarase ó tipo de cambio vixente o día da súa adquisición. No caso de bens inmo- bles, estes rexistraranse na moeda do país onde estean situados. Os demais ben materiais utilizados directamente por sucursais no estranxeiro, e que se consideren inmovilizado, poderán rexistrarse na moeda do país no que se atope a sucursal, ou naquela na que se producise o seu pagamento. Aínda que non se indica expresamente, parece razoable supoñer que en caso de perda de valor do inmovilizado orixinada por unha baixada na cotización da divisa haberá que dotar unha provisión para reflectir contablemente esa situación.

- *EXISTENCIAS*: Existencias entendidas como os elementos patrimoniais recollidos na maior parte do grupo 3 do PXC non existen nas entidades financeiras. Como concepto, e considerando este sector co mesmo esquema co que analizaríamos calquera outro, un input (en xeral, existencias) incorpórase nun proceso de transformación para obter un output determinado (en xeral, o produto terminado); podemos considerar existencias de entidades financeiras as partidas recollidas nas contas de Tesourería e outros Depósitos. Parte desta Tesourería considerarase como Tesourería de funcionamento. Analizámo-lo seu tratamento ó falar delas.

• **VALORES DE RENDA VARIABLE:** "As accións e participacións en capital denominaranse na moeda na que o emisor exprese o seu valor nominal". A súa conversión en moeda nacional farase ó tipo de cambio vixente na data da súa adquisición. O seu tratamento na data de presentación de balance de máis estados contables non segue a norma xeral de valoración descrita anteriormente, senón que nese momento hase aplica-lo cambio vixente e pola diferenza, se esta é negativa, dotarase a oportuna provisión. Este tratamento aparece descrito no punto un da norma duodécima dentro da sección segunda, "Tratamento contable dos riscos", cando di:

"Con independencia do disposto no apartado 3 da norma cuarta sobre conversión do inmovilizado en moeda estranxeira non cuberto, se das cotizacións das divisas en que estivese denominado resultasen perdas potenciais, constituirase a oportuna dotación a un fondo de provisións para riscos de cambio".

• **TESOURERÍA:** Seguindo a norma xeral, a tesourería denominada en moeda estranxeira que entre a formar parte do patrimonio da entidade farao ó cambio vixente nese momento.

Ó elaborar un balance ou estado financeiro, aplicarase o cambio medio de mercado de divisas de contado desa data (ou do último día hábil de mercado anterior) para a súa regularización. As diferencias de cambio que xurdan, tanto positivas como negativas, consideraranse resultado do período, incorporándose á conta de perdas e ganancias a través das correspondentes contas dos grupos 6 (diferencias negativas) e 7 (diferencias positivas).

Os resultados anteriormente descritos son resultados latentes, non realizados.

Paralelamente, nas operacións diarias con clientes poden producirse beneficios ou perdas reais ó contabilizar entradas ou saídas de tesourería ás cotizacións correspondentes, cando estas figuran en balance con outros contravalores. Estes resultados pasarán tamén á conta de perdas e ganancias.

• **VALORES DE RENDA FIXA, CRÉDITOS E DÉBITOS:** Estes elementos patrimoniais incorporaranse nas entidades financeiras aplican-

do o cambio vixente na data da operación. No caso dos créditos e débitos, rexistraranse na moeda na que deba producirse o seu reembolso. Para os valores de renda fixa, a contabilización farase na moeda na que o emisor exprese o seu valor nominal.

Periodicamente procederase á súa regularización aplicando o cambio fixing correspondente. Deste axuste contable han xurdir diferencias positivas ou negativas de cambio: en ámbolos dous casos consideraranse resultados do período.

No tratamento da moeda estranxeira por parte das entidades financeiras non podemos esquecer dous temas que no caso do PXC non se desenvolven:

1) *Contas de orde:* As contas de orde, tal e como se consideran na circular 4, teñen o mesmo significado que as utilizadas no anterior PXC de 1973. Son informativas e sen repercusións patrimoniais: recollerán información sobre compromisos futuros das entidades, que poderán chegar a ter repercusión sobre o patrimonio das mesmas.

A clasificación e contido destas contas, que se sinala na circular, é o seguinte:

— Pasivos continxentes: Inclúense as operacións de garantía dun terceiro por parte da entidade. Entre elas, destacan: avais, créditos documentarios e efectos redescantados.

— Compromisos continxentes: Recollen os compromisos irrevocabes que poderán orixinar un risco de crédito.

— Operacións de futuro: Contabilizaranse nestas contas as operacións asociadas a un risco de cambio, de interese ou de mercado. Dada a importancia destas operacións no tema obxecto de comentario, imos desenvolvelas por separado no seguinte epígrafe.

— Outros compromisos: Recolleranse outros compromisos da entidade financeira, destacando entre eles os de natureza actuarial existentes en relación coas pensións do persoal.

— Outras contas de orde: Infórmase nestas contas das operacións que reflicten dereitos ou aclaran determinadas situacións que non comprometen o patrimonio da entidade: efectos en xestión, activos en suspenso regularizados, activos adquiridos por conta de terceiros,...

Para a regularización periódica das contas de orde en moeda estranxeira, utilizarase o cambio fixing de contado da divisa da data que corresponda, non xerando ningún tipo de resultados xa que a contabilización se fará coa contrapartida coa que inicialmente se contabilizou, isto é, a contrapartida asociada.

2) *Operacións de futuro*: Tal e como indica a circular no apartado 4 da norma trixésimocuartá, as operacións de futuro serán aquelas "asociadas a un risco de cambio, de interese ou de mercado". Sobre o tema que nos ocupa, interésannolas seguintes operacións:

— Compravenda de divisas non vencidas, incluídas as permutas financeiras de moedas.

— Compravenda de valores non vencidos en divisas.

— Futuros financeiros sobre valores e tipos de réditos, contratados en mercados organizados, en divisas.

— Resto de operacións deste tipo, contratadas en divisas.

A regularización destas operacións farase ó cambio de regularización vixente correspondente á data de elaboración dos estados financeiros, ou no seu defecto, do último día hábil de mercado anterior a esa data. Se nestas operacións intervéñ unha soa divisa, contabilizarase este axuste contable contra a súa contrapartida. Naqueles casos en que non interveña a moeda nacional (dúas ou máis divisas), a regularización poderá xerar resultados que se contabilizarán contra contas do grupo 5. Estes saldos permanecerán no balance da entidade ata o vencemento ou a cancelación anticipada da operación, intervindo na liquidación definitiva da mesma.

No caso de operacións de futuro en divisas cubertas, a diferenza entre o cambio contractual e o cambio de contado do día do contrato, periodizaranse ó longo da vida do mesmo, contabilizándose como rectificacións do custo ou produtos por operacións de cobertura.

4. ANÁLISE COMPARATIVA DE ÁMBOS DOUTROS TRATAMENTOS

No desenvolvemento deste epígrafe, imos analiza-las similitudes e diferenzas no tratamen-

to das distintas partidas estudadas. Sen embargo, antes de entrar niso, e como primeira diferenza significativa de ámbolos dous tratamentos, con independencia do elemento que se vai regularizar, sinalámo-lo tipo de cambio que hai que utilizar en cada caso.

Seguindo os criterios establecidos no PXC, como norma xeral a conversión en moeda nacional de calquera elemento patrimonial para a súa incorporación ó balance farase ó tipo de cambio vixente nesa data. Do texto do PXC non se deduce que tipo de cambio se debe aplicar. Das posibles alternativas, cambio promedio ou cambios reais (alto ou baixo) en función do saldo acreedor ou debedor da partida que se vai regularizar, consideramos máis correcto aplicar esta última, en prol da consecución da imaxe fiel.

Pero nas entidades financeiras, dada a súa actividade, a circular 4 establece como norma xeral que a inclusión en balance se fará aplicando o cambio medio do mercado de divisas de contado da data (ou último día hábil de mercado anterior a esa data), que é o que se coñece como cambio fixing de regularización. Isto vai orixinar contabilización de diferenzas en practicamente tódolos casos.

Pasamos a continuación a comparalo tratamento das diferenzas de cambio en ámbolos dous documentos e segundo a clasificación previamente utilizada:

• *INMOBILIZADO MATERIAL E INMATERIAL*: Aínda que para a circular 4 supón unha excepción ó seu criterio xeral, o tratamento seguido por ámbolos dous textos contables coincide na valoración destes elementos patrimoniais, que se fará aplicando o tipo de cambio vixente na data de adquisición dos mesmos. Desta maneira, estes bens quedan valorados a custo histórico nos respectivos balances e non han modifica-lo seu valor aínda que xurdan diferenzas nas cotizacións das divisas nas que foron adquiridos.

• *EXISTENCIAS*: Dada a peculiaridade da actividade bancaria, as existencias tal e como se coñecen nas actividades industriais ou comerciais, no seu concepto máis xeral, non existen. Como xa se comentou, considerámo-las existencias deste sector como a parte principal da tesourería da que dispón, por se-lo elemento co que se comercia.

Unha vez feita esta aclaración obsérvase que existen diferencias de tratamento nos documentos contables analizados.

A súa incorporación ó patrimonio en ámbolos dous casos se realiza a prezos de mercado da data de adquisición do mesmo.

Periodicamente, coa regularización:

— PXC: Dotaranse provisións polas diferencias de cambio negativas, sen reflexo contable no caso de diferencias positivas. A dotación desta provisión repercute no resultado do exercicio e os saldos contables iniciais non se ven alterados na regularización.

— Circular 4: Independentemente do signo das diferencias de cambio xurdidas coa regularización, estas hanse considerar resultado do período. Ademais, a súa contabilización halles afectar ós saldos contables representativos dos correspondentes elementos patrimoniais.

Como se observa, a repercusión sobre os resultados do período é distinta nun e noutro caso.

• *VALORES DE RENDA VARIABLE*: Os valores de renda variable son tratados da mesma maneira en ámbolos dous casos:

— Ó incorporarse ó patrimonio, terase en conta o tipo de cambio vixente nesa data.

— Periodicamente, ó elaboralos estados contables, as diferencias de cambio negativas que poidan xurdir ó aplica-lo tipo de cambio de regularización de cada caso imputaranse ó resultado do exercicio mediante a dotación da oportuna provisión. As diferencias positivas non lle han afectar ó resultado nin ó valor do elemento regularizado.

• *TESOURERÍA*: Se comparámo-lo que consideramos tesourería das entidades financeiras (parte dos saldos destas contas utilizados como fondos operativos), o tratamento proposto en ámbolos dous casos é coincidente:

— Incorporación ó patrimonio polo cambio vixente nesa data.

— Regularización ó tipo de cambio que corresponda, levando as diferencias de ámbolos dous signos, positivas e negativas, ó resultado do período considerado e modificando o valor en

balance das partidas de tesourería. Así, estas contas que recollen elementos patrimoniais líquidos estarán valoradas de acordo co seu grao de realización.

• *VALORES DE RENDA FIXA, CRÉDITOS E DÉBITOS*: Hai diferencias no tratamento proposto en ámbolos dous documentos.

— A súa incorporación ó patrimonio en ámbolos dous casos realízase a prezos de mercado da data de adquisición do mesmo.

— Periodicamente, coa regularización, as diferencias negativas, en ámbolos dous casos, teñen o mesmo tratamento: repercuten no resultado do período, sendo a súa contrapartida o elemento patrimonial que orixina esas diferencias.

Para as diferencias positivas, proponse un tratamento diferenciado en ámbolos dous documentos: mentres a circular 4 as considera imputables ó exercicio no que se xerou, o PXC, aplicando o principio de prudencia, as contabiliza na conta "136-Diferencias positivas en moeda estranxeira", permanecendo no pasivo do balance ata o vencemento ou cancelación anticipada da operación que as produciu. Só se poderán levar a resultados do período, como na circular 4, diferencias positivas de elementos que xeraran diferencias negativas en períodos anteriores e estas se contabilizarán como perdas. O límite neste caso será o importe contabilizado previamente.

5. CONCLUSIÓNS

Da análise e comparación dos dous documentos contables obxecto do noso estudo, no que se refire ó tratamento da moeda estranxeira, concretámo-las nosas conclusións en dous puntos fundamentais, que comentamos a seguir:

1) Tipo de cambio aplicado na regularización periódica.

2) Tratamento das diferencias de cambio no cálculo do resultado do período.

Respecto ó primeiro punto, tipo de cambio de regularización, no PXC, ó utilizar nese momento o cambio correspondente ó carácter acreedor ou debedor da partida regularizada,

estase a ter en conta o obxectivo de imaxe fiel: realiza o axuste contable partindo da consideración de como lle afecta nese momento ó seu patrimonio o cambio vixente, ó realiza-los distintos estados contables.

Non hai que esquecer que, de non producirse fluctuacións nas cotizacións das divisas desde a data da última regularización ata a data de vencemento ou liquidación do elemento patrimonial afectado, non haberá diferencias de cambio que rexistrar ó contabiliza-la baixa dese elemento. Isto supón, ademais, a aplicación do principio de ganancia: a diferenza de cambio, xa sexa positiva ou negativa, rexistrárase no período no que se produce, polo importe total da mesma. Esta consideración non se aplica no caso das diferencias positivas que non se recoñecen como resultado positivo do período, senón que se incorporan no patrimonio inicialmente e se trasladan a outros exercicios a través da conta 136 xa mencionada, do subgrupo 13 "Ingresos para distribuír en varios exercicios". Neste caso, parece que prevaleceu o principio básico de prudencia sobre o de ganancia.

Na regularización establecida na circular 4/1991 do BE, en canto ó tipo de cambio, prevaleceu o criterio de homoxeneización das partidas patrimoniais. Consideramos que isto orixina unha desviación na aplicación do principio da ganancia sen outro principio máis xeral que o xustifique. Consideráranse os resultados por diferencias de cambio calculadas en función da fixación. Ó vencemento da operación, esta liquidárase ó cambio alto ou baixo en función do seu carácter (acredor ou debedor), asignándose un resultado por diferencias de cambio que se considera do período, aínda que a moeda non sufrira variación na súa cotización desde a data da última regularización ata a data da súa liquidación.

Respecto ó segundo punto, tratamento das diferencias de cambio ou cálculo do resultado, no caso do PXC obsérvase a aplicación do principio de prudencia ó recoñece-las perdas potenciais por diferencias de cambio como partida que se debe considerar ó calcula-lo resultado do período, mentres que os beneficios potenciais se encadran dentro do subgrupo "Ingresos para distribuír en varios exercicios". Deste xeito, recoñécense e contabilízanse en

canto son beneficios, pero non se asignan ó período polo seu carácter potencial (coas excepcións de diferencias negativas doutros períodos). Con iso consideramos que queda salvagardado o obxectivo de imaxe fiel.

Na circular 4/1991 trátanse os resultados positivos e negativos como resultados definitivos do período, á marxe do seu carácter potencial e, como xa comentamos, polo cambio fixing da moeda (con excepción dos valores de renda variable xa comentada). Se se intenta xustificar este tratamento considerando a aplicación do principio de ganancia e a busca da imaxe fiel, cremos que se podería argumentar na súa contra, tendo en conta:

1) Importes polos que se realizan as anotacións. Ó utilizarse o cambio fixing, non se está reflectindo a posición desa entidade de maneira fiel nin se incorporan ós resultados do período os importes correspondentes a este.

2) Consideración de resultados potenciais como reais. Os resultados orixinados por diferencias de cambio son potenciais ata a liquidación definitiva das operacións. Aplicando o principio de prudencia, podemos considerala repercusión das diferencias negativas no resultado. Para as diferencias positivas, non atopamos ningunha xustificación.

ANEXO

MODIFICACIÓNS Á CIRCULAR 4/1991. CIRCULAR 5/1993 DO BANCO DE ESPAÑA

Dende a publicación da circular 4/1991 do Banco de España, e como complemento ó nela desenvolvido, publicáronse ó longo deste período algunhas modificacións das normas contables iniciais, xustificadas sobre todo, e segundo se indica nalgunha delas, ademais de por facer aclaracións a temas non desenvolvidos, porque "A adaptación á normativa española das directivas comunitarias esixe algunha modificación das normas contables". Nestas circulares que completan o tratamento contable da circular 7/1991 non se variaron os temas tratados neste traballo. Como indicación, debemos comentar que na

circular 4/1993 de 26 de marzo, publicada no Boletín Oficial do Estado de data 8 de abril de 1993, e que segundo se indica entrará en vigor ó rende-los estados contables de data 31 de decembro de 1993, se intenta resolve-lo que se considera "unha asimetría na contabilización das diferencias de cambio en consolidación, por canto as positivas se reflectían nas reservas, en tanto que as negativas se cargaban a perdas e ganancias". Isto é, unificáanse os criterios de consolidación, pero mantéñense os criterios xa comentados.

No BOE da mesma data, publícase a circular 5/1993, de 26 de marzo, a entidades de crédito sobre determinación e control dos recursos propios mínimos. No seu texto, desenvólvense novas normas sobre a materia, agrúpanse disposicións contidas noutros textos, quedando pendente o desenvolvemento de normas sobre a cobertura de riscos de mercado e certas limitacións a grandes riscos. Isto parece indicar que non se prevén modificacións respecto ó tema que comentamos.

BIBLIOGRAFÍA

- BANCO DE ESPAÑA (1991): *Circular N. 4/1991*, de 14 de xuño, e modificacións posteriores.
- BANCO DE ESPAÑA (1991): *Circular N. 5/1993*, de 26 de marzo.
- BUCH GÓMEZ, E.J. (1992): "Tratamiento contable de las diferencias de cambio: Soluciones comparadas", *Revista Técnica del Instituto de Censores Jurados de Cuentas*, N. 24.
- CEE: *Directiva 86/635/CEE*, de 8 de decembro.
- INTERNATIONAL ACCOUNTING STANDARD COMMITTEE (IASC): *Norma Internacional 21 (NIC-21)*.
- LARRIBA DÍAZ-ZORITA, A. (1991): "Diferencias de cambio. Cómo aplicar el Plan de Contabilidad", *Expansión*, 3.
- PEDRAJA GARCÍA, P. (1991): "Nueva normativa contable para las entidades de crédito", *Revista Partida Doble*, (setembro).
- Plan Xeral de Contabilidade*, 1990.